



ORDENANZA FISCAL Nº 28 REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL

Artigo 1. Fundamento e natureza

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 24 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL) de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 deste texto legal, este Concello establece a taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no subsolo, o chan e o voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa o gozo da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para prestar os servizos de telefonía móbil.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase a condición de que para a prestación do servizo de subministración sexa necesario utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupen o chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de telefonía móbil. Para estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras destes servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras destes.

2. Para os efectos da taxa aquí regulada, teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras ás que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se prestan os servizos coma se, non sendo titulares destas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a estas.

3. As empresas titulares das redes físicas, ás cales non resulte aplicable o previsto nos apartados anteriores, están suxeitas á taxa por ocupación do chan, o subsolo e o voo da vía pública, regulada na ordenanza fiscal nº 25 reguladora da taxa por ocupación do subsolo, chan e voo da vía pública e terreos de uso público.

Artigo 4. Responsables

1. Son responsables tributarios as persoas físicas e xurídicas determinadas como tales na Lei xeral tributaria.

2. A derivación de responsabilidade requirirá que, tras a audiencia previa do interesado, se dite un acto administrativo, nos termos previstos na Lei xeral tributaria.

3. As débedas e responsabilidade polo pago da taxa derivadas do exercicio de explotacións e actividades económicas por sociedades e entidades xurídicas, serán exixibles a quen lles sucedan por calquera concepto na respectiva titularidade.

Artigo 5. Base imponible

1. A base imponible está constituída polos ingresos medios por operacións correspondentes á totalidade dos clientes de comunicacións móbiles que teñan o seu domicilio no



termo municipal de Narón.

2. Para os efectos do disposto no apartado anterior, son ingresos medios por operacións os resultantes de dividir a cifra de ingresos totais por operacións dos operadores de comunicacións móbiles polo número de clientes destas comunicacións móbiles, segundo os datos que ofrece para cada exercicio o informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Artigo 6. Tipo e cota tributaria

A contía da taxa determínase aplicando o 1,5 por 100 á base imponible definida no artigo 5 desta ordenanza.

Artigo 7. Remuneración da taxa

1. A taxa percíbese cando se inicia o aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación do servizo.

2. Cando a utilización privativa ou os aproveitamentos especiais de redes que ocupan o chan, subsolo ou voo das vías públicas se prolongan varios exercicios, a remuneración da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano.

Artigo 8. Réxime de declaración e de ingreso

1. Establécese o réxime de autoliquidación.

2. As compañías explotadoras de servizos de telefonía móbil contribuíntes, por esta taxa, deberán presentar no Concello antes do 30 de abril de cada ano a autoliquidación correspondente ao exercicio inmediatamente anterior.

3. A presentación das autoliquidacións tras o prazo fixado no punto 2 deste artigo, orixinará a liquidación de recarga de extemporaneidade, segundo o que prevé o artigo 61.3 da Lei xeral tributaria.

Artigo 9. Pagos á conta

1. As empresas explotadoras de servizos de comunicacións móbiles contribuíntes pola taxa deben autoliquidar e ingresar no Concello, cada trimestre, en concepto de pago á conta da taxa, a cantidade que resulte de aplicar o tipo do 1,5 por cento á cuarta parte dos ingresos medios por operacións no termo municipal, segundo os datos do último informe anual publicado pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

2. A autoliquidación e ingreso dos pagos á conta realizarase nos dez últimos días de cada trimestre.

Artigo 10. Infraccións e sancións

1. A falta de ingreso da débeda tributaria que resulte da autoliquidación da taxa practicada dentro dos prazos establecidos nesta ordenanza, constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 191 da Lei xeral tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo.

2. O resto de infraccións tributarias que se poden cometer nos procedementos de xestión, inspección e recadación desta taxa tipificaranse e sancionarán de acordo co que establece a Lei xeral tributaria e a ordenanza fiscal n.1, xeral de xestión, inspección e recadación municipal .



Disposición Adicional.- Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fan a normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores.

Os preceptos desta ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aqueles en que se fagan remisións a preceptos desta, entenderase que son automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

Disposición final.

1. A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2012 e manterase vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.
2. Para os efectos previstos no artigo 29.2.a) da Lei 32/2003, do 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións, darase traslado da presente ordenanza á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.